

REGULAMENTO DE PRIMARIAS PARA A ELECCIÓN DAS CANDIDATURAS DE EN MAREA PARA AS EUROPEAS E XERAIS 2019

ARTIGO 1. OBXECTO

1. O presente Regulamento ten por obxecto normativizar o proceso de elección das persoas candidatas por En Marea para as eleccións europeas e xerais de 2019.
2. Pártese para o mesmo tomando como base o regulamento de primarias aprobado na Marea Constituínte do 30 de Xullo de 2016 para as eleccións autonómicas e o regulamento de eleccións internas aprobado no plenario do 27 de outubro de 2018.
3. Diante da urxencia, para abordar a confección de listas e posteriores negociacións de alianzas para as eleccións europeas, e atendendo a excepcionalidade – recollida no regulamento do Consello das Mareas- creada polo adianto electoral das eleccións xerais o presente Regulamento é aprobado polo Consello das Mareas celebrado o 16 de febreiro de 2019.

ARTIGO 2. CALENDARIO DE PRIMARIAS

O calendario para a elección das primarias para eleccións Xerais e Europeas será o seguinte:

- Sábado 16 de febreiro: Convocatoria por parte do Consello das Mareas das primarias . Aprobación do Regulamento.
- Luns 25 de febreiro, 10:00 horas: Apertura do prazo de presentación de candidaturas.
- Xoves 28 de febreiro, 23:59 horas: peche do prazo de presentación de candidaturas e do censo para as primarias de eleccións europeas e xerais.
- Venres 1 de marzo: proclamación provisional das candidaturas e apertura do prazo de 24 horas desde a súa publicación para a subsanación de erros e/ou presentación de reclamacións
- Domingo 3 de marzo: resolución de reclamacións por parte do comité electoral e proclamación definitiva de candidaturas.
- Luns 4 de marzo, 00:00 horas: Inicio da campaña electoral.
- Xoves 7 de marzo, 23:59 horas: remate da campaña electoral.
- Venres 8 de marzo, 09:00 horas: inicio do período de votacións.
- Domingo 10 de marzo, 23,59 horas: remate do período de votacións.
- Luns 11 de marzo: proclamación provisional de resultados e apertura dun prazo de 48 horas para reclamacións.
- Mércores 13 de marzo: proclamación definitiva de resultados e das persoas candidatas ás eleccións xerais e europeas por En Marea.

ARTIGO 3. DEREITO AO VOTO

1. Terá dereito ao voto toda persoa maior de 18 anos inscrita en EM á data do peche do censo, é dicir, ás 23:59 do día xoves 28 de febreiro.
2. O censo de EM é a plataforma Censo En Marea(<https://censo.enmarea.gal/>), para estar na mesma, como se ven practicando, todas as persoas deberán ter probado que residen ou residiron en Galicia mediante algún dos seguintes documentos: DI con enderezo en Galicia, certificado ou volante de empadramento ou factura de fornecementos (auga, luz ou teléfono) onde consten o nome do titular e o enderezo. No caso das persoas migradas será preciso un

documento que os identifique e o momento de chegada ao seu actual lugar de residencia (a inscrición no CERA).

3. En Marea obrígase a garantir o segredo do voto e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos dereitos dixitais.

ARTIGO 4. CENSO

1. O censo de votantes para Eleccións Directas Internas é o censo de EM, a plataforma Censo En Marea (<https://censo.enmarea.gal/>), actualizado ate as 23:59 do día xoves 28 de febreiro.
2. O censo que se empregará para exercer o voto estará baixo a supervisión e control da persoa responsable do Censo, que estará a disposición do Comité Electoral para subsanar posibles erros en persoas que inscritas en tempo e forma teñan problemas para exercer o seu dereito a voto.
3. Durante a xornada electoral existira un equipo técnico supervisado polo Comité Electoral para subsanar posibles erros en persoas que inscritas en tempo e forma teñan problemas para exercer o seu dereito a voto.

ARTIGO 5. CANDIDATURAS

1. Que se elixe nestas primarias?

- Cabeza de lista ás eleccións europeas : Candidatura individual co censo nacional.
- Resto de lista ás eleccións europeas: candidatura de lista aberta con censo nacional.
- Listas circunscricións ás eleccións xerais: candidatura de lista aberta con censo provincial.

2. Composición das candidaturas

A. A candidatura para encabezar a candidatura europea será individual

B. As candidaturas para cubrir o resto da candidatura para as eleccións europeas estarán conformadas como mínimo por tantas persoas como postos a cubrir (9) máis un número indeterminado de suplentes ata un máximo de 9.

C. As candidaturas para as circunscricións das eleccións xerais – congreso - estarán conformadas como mínimo por tantas persoas como postos a cubrir máis un número indeterminado de suplentes ata un máximo dos mesmo número da lista. Por provincias:

- A Coruña: 8 titulares + 8 suplentes (máximo)
- Lugo: 4 titulares + 4 suplentes (máximo)
- Ourense: 4 titulares + 4 suplentes (máximo)
- Pontevedra: 7 titulares + 7 suplentes (máximo)

D. As candidaturas para cubrir as circunscricións das eleccións xerais – senado - estarán conformadas como mínimo por tantas persoas como postos a cubrir (4) máis un número indeterminado de suplentes ata un máximo de 4.

3. Requisitos para presentar unha candidatura:

- a) As candidaturas deberán estar en posesión dos avais establecidos no presente

- b)** As candidaturas presentarán xunto co resto da documentación a súa denominación e imaxe

gráfica. A denominación evitará incluír o nome de calquera marea municipalista ou organización política.

- c)** As candidaturas designarán, no intre da súa presentación, unha persoa que exercerá as

labores de representante xeral da mesma diante do comité electoral.

- d)** As candidaturas deben garantir a pluralidade territorial na provincia

A pluralidade da mesma asegurase mediante o sistema de avais. O feito de que cada candidata ou candidato teña que conseguir apoios en Concellos e/ou provincias distintas da súa actúa como corrector.

No caso de existir postos vacantes nas listas, o Comité Electoral deberá garantir a pluralidade territorial na súa escolla.

- e)** As candidaturas deben garantir o factor de xénero

- As listas abertas deberán cumprir criterios de paridade en cremalleira, podéndose saltar este criterio no caso de maior presenza feminina.
- O voto só pode ser emitido de xeito totalmente paritario e en cremalleira, podéndose saltar este criterio no caso de que a lista teña máis presenza feminina.
- No caso de que o resultado non sexa acorde ao principio da paridade total, o Comité Electoral corraxirá a lista para facer cumprir tal principio, facendo pública a súa resolución.
- Ademais da obriga de voto en cremalleira para as listas provinciais, establécese unha corrección de xénero para asegurar como mínimo un número igual de cabezas de lista mulleres que de homes e unha disposición final en cremalleira, correndo a lista para asegurar esta disposición cando sexa necesario. No caso de que o número de cabezas de lista homes supere ao de mulleres deberase buscar un equilibrio de 2 e 2, desta forma aquela ou aquelas provincias onde a diferenza de votos (en relación á poboación) entre o primeiro e o segundo da lista sexa menor, deberán elevar á segunda candidata para que ocupe o posto de cabeza de lista e correr toda a lista para manter a configuración en cremalleira.

- f)** *Os/as Responsables xerais das candidaturas deberán remitir as mesmas, mediante a cumplimentación do formulario oficial, entre o luns 25 de febreiro ás 0:00 horas e o xoves 28 de febreiro ás 23:59 horas, á seguinte dirección de correo electrónico: primarias2019@enmarea.gal. Os arquivos deberán ser enviados en formato PDF nun único arquivo comprimido.*

4. Requisitos para as candidatas

Será elixible calquera persoa con residencia en Galicia que cumpra cos requisitos recollidos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos dereitos dixitais e cumpra, ademais, os seguintes requisitos imprescindíbeis:

- Estar inscrita no censo de En Marea.
- Manifestar por escrito un compromiso de cumprimento do Código Ético de En Marea,

así como dos Principios e Documentos aprobados na Marea Constituínte e no Plenario.

- Cumprimentar o formulario de aceptación da súa inclusión na candidatura.
- Asinar unha declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de exclusión.
- Manifestar por escrito un compromiso de renuncia a calquera cargo que sexa considerado incompatible no caso de seren electa.
- Estar en posesión dos avais que establece o presente Regulamento.
- Declaración xurada de non estar incurso en todas e cada unha das causas de exclusión.
- Manifestar por escrito un compromiso de renuncia ao cargo institucional (no caso de ocupalo) no caso de ser elixido, coa finalidade de evitar a duplicidade de cargos.

O Comité Electoral porá a disposición de todas as persoas inscritas os formularios oficiais correspondentes, que deberán ser entregados en tempo e forma, unha vez cumprimentados, a través do correo electrónico.

5. Criterios de exclusión

a) Criterios de exclusión para as persoas candidatas

Non posuirán a condición de elixíbeis as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Ter incumplido de xeito inxustifico o seu mandato en calquera institución.
- Formar parte de calquera outra das candidaturas que concorran ás eleccións ás Cortes Xerais.
- Estar imputada por delitos relacionados con corrupción, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno e malversación e apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas.
- Estar en situación de imputación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos contra as persoas, ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.
- Non ter entregado en tempo e forma a documentación esixida.
- Entenderase por imputación xudicial a existencia dunha resolución motivada onde un xuíz estime a existencia de indicios racionais de delito.

A concorrencia dalgunha destas causas de exclusión ao longo do proceso determinará a anulación da candidatura.

b) Criterios de exclusión das candidaturas no seu conxunto:

- Serán excluídas todas as candidaturas que non cumpran cos requisitos esixidos en todos os puntos do capítulo 5 do presente Regulamento e non subsanen en tempo e forma os erros detectados polo Comité Electoral.
- Serán excluídas aquelas candidaturas cuxa denominación ou imaxe gráfica conteña referencias a calquera organización política ou marea municipalista ou ao conxunto de En Marea.

6. Incompatibilidades

Non poderán concorrer como candidatas as persoas que ostentan a condición de membro do Comité Electoral, co obxectivo de garantir a independencia do órgano reitor do proceso.

Non poderán pertencer ao Comité Electoral aquelas persoas que formen parte dunha candidatura.

ARTIGO 6. AVAIS PARA PRESENTARSE ÁS PRIMARIAS ELECCIÓNS EUROPEAS E XERAIS 2019

1. Terán a condición de avalistas todas as persoas inscritas no censo de En Marea nas condicións recollidas no presente Regulamento na data de peche de presentación de candidaturas.
2. Cada avalista poderá avalar unha única candidatura e nunca a aquela da que forme parte, quer como titular, quer como suplente.
3. Os avais deberán ser formalizados empregando o formulario oficial e entregaranse acompañados do DNI da persoa avalista escaneado.
4. Correspóndelle ao Comité Electoral validar os avais entregados en tempo e forma segundo establece o presente Regulamento.
5. No caso de que o Comité Electoral detecte que unha mesma persoa avala a máis de unha candidatura, comunicarllo á representante xeral da candidatura por correo electrónico, ao tempo que se fai pública a relación de candidaturas, debendo a representante xeral corrixir o erro antes da proclamación definitiva.
6. Para presentar unha candidatura a cabeza de lista das Eleccións Europeas, a persoa aspirante precisa de 100 avais, cun mínimo de 20 por provincia. Para concorrer ao resto da lista das europeas a candidatura precisa 15 avais procedentes de avalistas orixinarias das catro provincias. Para concorrer ás eleccións Xerais as candidaturas precisarán de 15 avais procedentes de avalistas orixinarias de tres Concellos distintos na súa circunscrición (provincia).
7. Os avais serán recollidos polas/os Responsables xerais das candidaturas, que serán os encargados de remitirlos ao Comité Electoral á seguinte dirección de correo electrónico: primarias2019@enmarea.gal, entre o luns 25 de febreiro ás 0:00 horas e o xoves 28 de febreiro ás 23:59 horas. Os arquivos deberán ser enviados en formato PDF nun único arquivo comprimido.
8. Os avais, xunto co resto de documentación entregada polas candidaturas, serán custodiados polo Comité Electoral.

ARTIGO 7. VOTACIÓN

a) Forma de votación

1. A circunscrición para a elección da listas das europeas é a nacional, namentres que para as xerais é provincial.
2. A persoa electora deberá votar unicamente a unha das candidaturas que se presenten.
3. No caso de existir unha única candidatura, poderase votar por esta ou en branco.
4. O voto poderá exercerse baixo dúas modalidades, presencial ou a distancia:
 - Presencial: o voto será telemático, de maneira privada ou de maneira asistida, nun espazo adaptado a tal efecto no que se votará a través dun computador. O Comité Electoral intentará que existan mesas presentes no maior número de concellos posíbeis, en función da dispoñibilidade de locais, días e horas. A ubicación das mesas

comunicarase a través da web antes das xornadas de votación. Cada mesa contará cun mínimo de tres persoas designadas polo Comité Electoral para garantir a limpeza do proceso e facilitar a votación, sen que en ningún caso poidan orientar de calquera xeito o sentido do voto. As persoas que desexen exercer o dereito a voto deberán acreditar a súa identidade e residencia en Galicia na mesa electoral.

- A distancia: as persoas electoras que prevean non poder exercer presencialmente o seu dereito ao voto, poderán emitilo na modalidade telemática a distancia.
5. A maiores das condicións de seguridade que oferta a ferramenta telemática, o Comité Electoral velará pola seguridade do proceso.

b) Procedemento Electoral

- a. No caso da persoa cabeza de lista poderá escollerse unicamente unha.
- b. Sistema de votación das persoas candidatas en listas será:
 - Resto lista europeas: cada electora poderá votar máximo 3 persoas
 - Listas senado: cada electora poderá votar máximo 2 candidatas
 - Listas congreso:
 - o cada electora poderá votar máximo 4 candidatas no caso das persoas censadas en A Coruña
 - o cada electora poderá votar máximo 2 candidatas no caso das persoas censadas en Lugo
 - o cada electora poderá votar máximo 2 candidatas no caso das persoas censadas en Ourense
 - o cada electora poderá votar máximo 3 candidatas no caso das persoas censadas en Pontevedra

ARTIGO 8. SISTEMA DE RECONTO E PROCLAMACIÓN DAS CANDIDATURAS

As votacións que se levarán a cabo durante as primarias irán guiadas por tipos de reconto distintos.

1. A votación da cabeza de lista das europeas estará regulada polo sistema Borda puro no caso de existir máis dunha candidatura.
 - a. No caso de existir unha soa candidatura, só se permitirán dúas opcións: votar o/a candidato/a ou votar en branco.
 - b. No caso de existir dúas ou máis candidaturas para encabezar a lista empregarase o método Borda puro. De acordo con este método, sexan cales sexan as opcións a escoller, o elector ou electora debe emitir tantos votos como opcións haxa, ou votar en branco. Os votos son ordenados e obrigatorios, de xeito que a primeira opción escollida —no caso de que haxa tres candidatos/as— suporá 3 puntos, a segunda 2 e a terceira 1.
2. Nas votacións ás listas, o elector ou electora ordenará as súas opcións para a composición da lista, pero neste caso e de xeito obrigatorio do primeiro ao último (o oitavo en Lugo e Ourense, ao décimo segundo para Pontevedra e o décimo cuarto para A Coruña). Os puntos outorgados, en lugar de ser consecutivos como no caso anterior, serán así: 1 punto, 1/2 punto, 1/3 punto, 1/4 punto, e así sucesivamente ata esgotar os votos que lle correspondan por circunscrición.
 - a) Os votos cuxa composición de xénero non garanta un reparto do 50% entre homes e mulleres en cremalleira, non poderán ser emitidos.
 - b) A votación á composición da lista estará regulada polo reconto Dowdall.
3. Os resultados definitivos serán proclamados en sesión pública o Mércores 13 de marzo. No caso de que se presenten por unha provincia menos persoas que postos a escoller, as vacantes serán enchidas por persoas escollidas por consenso por parte do Comité Electoral.

ARTIGO 9. O COMITÉ ELECTORAL

1. O Comité Electoral está formado por 13 persoas, escollidas no (ultimo) Plenario do 27 de outubro de 2018. No caso de renuncia, cese ou querer ser candidata, correrase a lista das candidatas en función do número de votos obtidos.
2. As persoas que forman parte do Comité Electoral non poderán ser candidatas no proceso, nin facer campaña , exercer como avalistas ou solicitar o voto para ningunha candidatura.
3. O Comité Electoral terá as seguintes atribucións durante o desenvolvemento do proceso electoral:
 - Garantir o cumprimento deste Regulamento.
 - Poñer ao dispor das persoas interesadas os formularios correspondentes para todos os trámites necesarios para o proceso.
 - Garantir a igualdade de oportunidades.
 - Aprobar e proclamar as candidaturas presentadas.
 - Resolver as distintas queixas, denuncias e irregularidades que se presenten durante o proceso.
 - Revisar os avais e a documentación acreditativa da identidade e residencia das persoas censadas.
 - Elaborar un documento de consideracións e recomendacións dos límites para levar a cabo a campaña electoral, que será de obrigado cumprimento por parte das candidaturas
 - Designar e formar as persoas que actuarán como asistentes e interventoras durante o proceso de votación telemática asistida, quedando excluídas as persoas que formen parte dalgunha candidatura.
 - Validar ou anular os avais presentados.
 - Validar ou anular as candidaturas presentadas.
 - Elaborar resolucións a respecto dos conflitos e queixas que se podan producir nas inscricións, o contido dos avais e candidaturas.
 - Interpretar baleiros do presente regulamento.
 - Realizar a corrección de xénero e territorial sobre o resultado final.
4. O Comité Electoral adoptará as súas decisións por consenso. No caso de non existir este, por maioría de 2/3 e, de non acadarse esta, por maioría simple.